

O BARRIO

BOLETÍN INFORMATIVO PARA A VECIÑANZA DE CANIDO



Fachada no museo da SGHN na antiga “Casa do Coronel”, na Plaza de Canido

Sabías que o barrio alberga dende hai 14 anos o museo máis completo de Galicia adicado á historia natural? Trátase do **Museo da Sociedade Galega de Historia Natural** (MHNF), que naceu no seo desta institución, creada no ano 1976 como entidade científica sen ánimo de lucro e de carácter independente, a partir do GOG (Grupo Ornitolóxico Galego, 1973).

A SGHN ten varias delegacións e seccións espalladas por Galicia e está inscrita nos rexistros e listaxes oficiais de Entidades de carácter ambiental e de Asociacións Culturais Galegas, ademais de ocupar un posto como membro do Consello Galego de Medio Ambiente.

O museo, antes da súa localización actual na Casa do Coronel no barrio de Canido, ocupou dous locais na cidade: o seu berce, a delegación de Ferrol, dispuxo en 1979 do local dun particular, e entre 1983 e 2011 o Concello de Ferrol cedeu en precario unhas vellas dependencias do século

XIX no Antigo Hospicio de Santa Teresa na Praza de Amboage, co fin de manter abertos ao público o coñecido como “**Museo da Natureza**” e unha biblioteca especializada. En 1991 abríuse a primeira sala expositiva permanente, ofrecendo daquela unha mostra sobre cartografía galega. Anos máis tarde, amósanse os primeiros elementos biolóxicos que se incorporan aos fondos da entidade, procedentes de pequenas coleccións de naturalistas e de restos de cetáceos e aves mariñas abeiradas; de acordos con centros de recuperación de fauna salvaxe; animais mortos recollidos por particulares; antigos gabinetes de centros educativos, etc. Hoxe, os fondos osteolóxicos de mamíferos mariños **son considerados unha das coleccións ibéricas de cetáceos máis completas.**

EQUIPO DE REDACCIÓN

Rafael Aguirrebengoa Esnaola

Antonio Casal Velázquez

Guillermo Castro Peccis

Celia Fernández Alvaríño

Maica R. Freire

Un museo dende Canido para a comarca

Doazóns ao fondo museístico

Do material procedente de particulares, destacamos as coleccións do botánico Xavier Sóñora (Ferrol, 1956-1996), cun aporte interesante de material botánico e de invertebrados mariños, e a conquliolóxica (cunchas de moluscos) do século XIX de quen fora o Contraalmirante Claudio Montero y Gay, doada ao MHNH pola familia San Román en 2003.



Coñecemento á disposición da veciñanza


O museo sempre estivo moi ligado á poboación, cun intenso labor pedagóxico, tanto no propio edificio como fóra del. Froito diso, é a gran demanda de visitas guiadas para centros de ensino ou entidades sociais e, tamén, as charlas, cursos e conferencias noutras organizacións que, sen dúbida, sinalan ao MHNH como unha institución única, tanto na cidade, como en toda a comunidade galega.

O MHNH ofrece visitas e consultas en liña gratuítas para centros educativos e outras institucións e organismos interesados. Esta actividade nace coa pandemia e hoxe permite conexións en directo fóra de España. Nas actividades presenciais, destacan as **Quedadas no Museo**, que son xuntanzas abertas á cidadanía na tarde **dun venres ao mes**, para preservar a esencia de tempos pasados. Nelas trátanse temas diversos como son as novidades bibliográficas e das diferentes especies, actividades, publicacións interesantes da biblioteca, reportaxes sobre eventos, etc.



14 anos de historia en Canido e un gran futuro

En 2024, o MHNH acadou preto de **11.000 visitas**, das que máis do 60% foron non escolares.



A entrada é de balde e ofrece visitas guiadas. Entre os obxectivos inmediatos está poder formar parte do Sistema Galego de Centros Museísticos.

A actividade do MHNH é posible grazas a un convenio anual co Concello de Ferrol e á concorrencia a subvencións coa Deputación da Coruña, **ás cotas das persoas socias e ás doazóns do público visitante.**

ACHEGARTE CANIDO

Estreamos nova sección para coñecer un pouquiño máis ás creadoras e proxectos artísticos do Barrio Alto, onde cada esquina é un lenzo. Hoxe fálanos da súa traxectoria, María Méndez Pérez de Arévalo, coñecida como **María Méndez**, creadora do cartel dos Maios 2025, que este número de O BARRIO presenta en exclusiva.

Nacín nunha familia onde a arte era moi valorada. De feito, meu avó Manuel Pérez de Arévalo tivo unha ampla bagaxe cultural, en especial dedicouse en corpo e alma á composición musical, á poesía e á pintura. Hoxe, en Ferrol é recordado popularmente pola súa participación no concurso da TV " *La unión hace la fuerza*", no ano 1965, pero máis aló diso, foi un gran artista, presidente de distintas entidades ferrolás, tales como a *Sociedad Filarmónica Ferrolana*, *Sociedad Fotográfica Ferrolana*, *Real Coro Toxos e Froles* e da *Sociedad Artística Ferrolana*. Na miña familia, o amor pola arte nace deste home tan activo e polifacético. Unha gran lembranza que teño del, foi sobre un debuxo que lle fun a ensinar, porque gañara un premio. Díxome que os meus debuxos estaban vivos, en movemento, gustoulle moito que fixera os corpos tan dinámicos, sendo eu tan pequena. A miña afición pola arte comeza en Compostela, cando marchei a estudar Psicoloxía. Comezo a pintar cunhas compañeiras de clase, a partir dos tests proxectivos das terapias da época, xogabamos a interpretar os sonhos... a debuxalos.


Era moi divertido. Debuxei retratos dun montón de xente e tamén tatuaxes de mentira cun rotulador. Así comecei a realizar algunhas exposicións en locais e bares da cidade compostelán que nos 90 tiña moita vida nocturna e cultural. Máis adiante, xa en Ferrol, continúo pintando como afición e expoño en locais durante os períodos de vacacións dos estudos universitarios. Teño que dicir que pasei por distintas épocas e estilos artísticos, dende paisaxes tradicionais ata o mundo do inconsciente nunha época moi difícil e problemática que vivín polo 2006. Nos últimos tempos, a temática da miña obra céntrase na muller e a nai, realicei algunhas *maternidades* no embarazo do meu fillo e despois me retiro da pintura durante uns anos. Sempre fun boa debuxante, mais nunca me inspirou o realismo. Teño que dicir que unha vez que solto o lápiz e o pincel atopo unha verdadeira satisfacción no espazo creativo e no lenzo a crear. As cores e o formato grande é o que realizo ultimamente, aínda que non teña moito público, adoito formar parte do mercado de arte do Concello de Ferrol. O feito de realizar unha postal para o barrio onde vivo gustoume moito e vin como, sen perder de vista as miñas orixes de recrear o cotián, o *costumismo*, tamén leva á impulsividade coa que abordo un lenzo grande no presente. Agradezo á AV de Canido contar comigo para a que é, sen dúbida, a súa festa máis tradicional, alegre e bonita. Esta primavera como tantas outras, o barrio de Canido encherase de alegría coa veciñanza facendo esas figuras de flores tan coloridas. A xente goza das muiñeiras, unha danza que a miña nai e as súas irmás bailaban de marabilla. No cartaz de 2025 están representadas as tres cando danzaban xuntas en América, algo extraordinario naquela época. En homenaxe a elas elixín esta imaxe para representar o folclore galego dos maios de Canido. Como son *fan* da "vida de barrio" é un pracer aportar a miña humilde arte que segue buscando algo que contar. Así é como a entendo, a arte por contar unha historia. Ás festas de Canido: Grazas.



O BARRIO É NOSO

CIDADES E BARRIOS ACCESIBLES. UN DESAFÍO PENDENTE

A accesibilidade é un desafío importante para as cidades. O 16% da poboación mundial padece segundo a OMS algunha discapacidade, o que supón uns 1.300 millóns de persoas, ás que habería que sumar outros colectivos coas súas necesidades. As persoas maiores tamén teñen problemas de acceso a moitos dos servizos e a tendencia cara ao envellecemento demográfico fará que no 2050 representen un 22% da poboación mundial.



Que é unha cidade ou barrio accesible?

Aquela que permite que o maior número posible de persoas con capacidades diferentes se despracen da forma máis independente e segura, accedendo aos espazos públicos e ao transporte público. Unha cidade accesible é un proxecto para a integración da sociedade, onde todos os membros poden vivir e desfrutar de espazos comúns, independentemente das súas capacidades físicas e mentais. As beirarrúas son amplas e non demasiado altas, equipadas con ramplas, indicadores sonoros nos cruces. Os edificios públicos e locais comerciais posúen portas amplas e salva-escadeiras.

Deseño de cidade para permitir a accesibilidade universal. Condición que deben cumprir as contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como os obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, para ser comprensibles, utilizables e practicables.

Ferramentas visuais e novas tecnoloxías a favor das persoas. As pantallas os paneis de aviso son visibles para persoas usuarias de cadeiras de rodas e a infancia; a explicación é accesible oralmente, para permitir unha comunicación axeitada incluso ás persoas invidentes.

Mantementos dos espazos urbanos.

Conservación dos beirarrúas, dos espazos públicos, infraestruturas e servizos por parte das administracións, con investimentos continuos.

Redes de transporte adaptado e accesible.

Transporte público de prezos accesibles, adaptado á mobilidade, conectando a contorna rural e urbana e que salve certas barreiras arquitectónicas ou de distancia, infraestruturas como ascensores, escadeiras mecánicas.

ESCALEIRAS MECÁNICAS PARA CANIDO

En 2024, o veciño Gonzalo Martínez recuperou unha demanda histórica do barrio: solicitar ao Concello a instalación de medios mecánicos para conectar Canido coa Magdalena, medida defendida tamén pola Intrabarral.

Facer cidades accesibles é unha obriga dos poderes públicos #DereitoAVivirÁCidade. **O barrio é noso!**

AXENDA MARZO



Día 8

Festa infantil, reparto de dóces de Entroido e unha actuación moi especial na que participa o público de xeito divertido e dinámico grazas ao traballo de **Teatro Calavera**. A partir das 18:00 horas no local da SDRC.



Día 15

Obradoiro creativo para celebrar, dun hora de impartición e 30 minutos de xogo, para celebrar o **Día do Pai**, no que as persoas participantes decorarán un marco de fotos. É necesario traer unha fotogradía de 20x20 e contactar no 601925567, xa que as prazas son limitadas (o prezo é de 25 €). Será no Centro Cívico a partir das 17:00 horas.



Día 16

Xornada de actividades da **Asociación Mulleres Ártabras**, que pretender dar a coñecer diferentes proxectos que se están levando na cidade da man de emprendedoras. No Centro Cívico de Canido, dende as 9:30h ate as 18:00h, con obradoiros que centran a mensaxe no autocoidado, dende mulleres con persoas a cargo, ate automasaxe facial, forza e vitalidade, plantas para a pel, personalidade con eneagrama, etc. Tamén teremos unha mesa redonda con empresarias de éxito, sesión vermu, pasarela de moda, sorteos, stands e concerto final. Contaremos coa presenza da concelleira Elvira Miramontes e a delegada territorial da Xunta de Galicia, Martina Aneiros.



Sabías que...?

A rúa Alonso López fai honra a José Alonso López e Nobal, de cuxo pasamento se cumpriron recentemente 200 anos. Alonso foi un mariño nado en 1763, político liberal, deputado nas Cortes de Cádiz e autor dunha magna obra sobre a comarca ferrolá: “*Consideraciones generales sobre varios puntos históricos, políticos y económicos a favor de la libertad y fomento de los pueblos, y noticias particulares relativas al Ferrol y a su comarca*”.

O MUÍÑO INFORMA

Entroido, burla, sátira e subversión



O entroido (entruido, antroido... de 'introitus', acceso, entrada, principio, exordio), é una institución firmemente arraigada na Galiza. De carácter festivo e transgresor está presente en toda a nación acadando dimensións múltiples que se infiltran nas áreas da cultura, do social e do antropolóxico. Basta mirar un pouco ao redor, chegadas ás datas da festividade, para coñecer o grande número de ritos, personaxes simbólicos, atavíos e máscaras asociadas que sobreviven, e gañan puxanza, nos diferentes recunchos do país.

Símbolo ou confrontación directa? Todo nos indica que no entroido non se produce unha manifestación de resistencia directa contra o poder instituído e as elites que nel (ou mediante el) prosperan. Porén é perfectamente discerníbel unha gran tendencia, con múltiples manifestacións e variacións, de confrontación con ese poder.

A burla e a sátira se presentan como crítica excepcional, realizada nun contexto festivo, temporal, limitado e autocontido. Pero burla e sátira son. Manifestación dun profundo pensamento de resistencia que se limita a accións simbólicas. Unha forma discreta e estratéxica de presentar un pensamento profundo, un discurso oculto que cuestiona a lexitimidade imperante. Un esforzo por inverter as xerarquías, aínda que non sexa máis que por un tempo moi limitado e dun xeito festivo e non violento.



Vémolo nas múltiples manifestacións humorísticas nas que se invirten os roles de xénero, de poder político, relixioso, internacional... Ningunha das áreas nas que se desenvolve a nosa vida, quedan libres de crítica máis ou menos mordaz. Outra forma de consideralo é como válvula de escape, divertimento sen máis. Xeito inocuo de pasar o tempo. Pero, iso si, un tempo especial no que todos convivimos, aceptándonos como somos ou como quixeríamos ser.

En todo caso, diversión e crítica convivindo durante uns días no que (case) todo está permitido. Un tempo recuperado, despois de moitos anos de confrontación e resistencia cunha ditadura e unha xerarquía eclesiásticas que xuntaban forzas para combatelo e reorientalo alí onde non lograban aniquilalo.



Unha recuperación, como todo no capitalismo, que se debe en parte ás forzas do mercado que só buscan un beneficio comercial, pero que non logra desembarazarse desa forza orixinal e telúrica que acompaña ás comunidades humanas.

No Muíño quedámonos con esa versión de resistencia simbólica á dominación, manifestación de segundas liñas de pensamento que están sempre a operar en toda sociedade que, sen descanso, busca fendas nos muros dos poderes instituídos. O inverno está a esmorecer e achégase o tempo da primavera.

O xogo das olas en Canido

Agora que é tempo de entroido, aproveitamos para falar sobre unha das tradicións destacadas deste ciclo.

Referímonos ao **xogo das olas**, presente en moitos entroidos galegos e que mesmo en Xinzo conta cun día de seu, o Domingo de Oleiros ao que dá nome.

O xogo é ben sinxelo, un grupo de persoas pásanse (corren) un recipiente de barro, lanzándoo polo aire, os uns aos outros, ata que este escacha. A persoa causante da súa rutura, a que erra na recepción, terá que pagar unha penalización. O xogo prosegue de tal maneira ata esgotar as existencias de olas.

No barrio de Canido documéntase este xogo que noutro tempo, semella a teor da documentación consultada, contou cunha importante difusión. Se ben, como peculiaridade, dicir que en Canido non se practicaba durante o Entroido, senón no domingo de Pascua, algo, por outro lado, nada insólito en Galicia.

As primeiras referencias que atopamos remítennos ao 13 de abril do ano 1884. Como escenario, a **Praza do Cruceiro**, que acolleu o tradicional costume. Nese día, nun acto multitudinario, xogáronse máis de 100 cacharros vellos, ficando a contorna do cruceiro alfombrada polos restos cerámicos. Ao xogo seguíulle un baile campestre. En anos posteriores atopamos novas referencias sobre o xogo das olas en Canido, pero tamén noutros barrios e na contorna de Ferrol, como Ferrol Vello, Esteiro, no Campón ou en Caranza. De tal maneira que, nalgúns destes lugares, a comezos do século pasado aínda se xogaban e arroxaban polo aire as olas e outros cacharros inservibles.

—
 Por el Corral de Ohapón,
 Reinó sólo la tristeza:
 No se jugaron las ollas
 Ni aún á la gallina ciega;
 Pero, en cambio, y no muy lejos
 Del callejón de la Almendra,
 Rompió Honorinda los platos
 Con Angélica la bella.
 Se tiraron los cacharros
 Paca, Petra, Pura y Pepa:
 Hubo chichones, cual puños,
 Sangre, cual no digan dueñas
 Y así á cacharrazo limpio
 Concluyeron todas ellas,
 Tal y como lo exigía
 De los cacharros la fiesta.
 —

“La fiesta de los cacharros”. El Correo Gallego. Año 1900.

No artigo “Las ollas en Ferrol”, publicado no Correo Gallego no ano 1900, o autor laiábase de que o xogo das olas xa non resultaba nunha festa de ruído, nin nun festexo de costumes. Atrás quedarán os tempos de celebración estrondosa e os grupos de mozos e vellos do lugar que en extensos corros arroxábanse e devolvíanse, entre bromas, as esporteladas olas e desfondados *botijos*.

Cabe destacar como esta tradición deixou unha pegada lírica en forma de pequenas composicións recollidas nos xornais da época, como o entremés do que reproducimos aquí un fragmento.

E, precisamente, non atopamos mellor conclusión para este texto, que o desexo legado por un vello daqueles tempos (de tal xeito asina o autor de “Las ollas en Ferrol”). Isto é: que a nosa identidade galega medre e se desenvolva ata reconstruír o noso país lendario e non se afogue e preguiza entre o heteroxéneo conxunto de costumes exóticas. Agora ben, **escoitará Canido a demanda deste veciño doutros tempos?**





CÓNTANOLO TI!

Se queres achegar contidos ao Boletín, como fotografías ou textos breves relacionados co barrio, contacta en boletincanido@gmail.com ou usa a caixa de correos do Centro Cívico. neste caso compartimos un Damero obra de Antonio García Teijeiro.

DAMERO

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27	28	29	30
31	32	33	34	35	36	37	38	39	40
41	42	43	44	45	46	47	48	49	50
51	52	53	54	55	56	57	58	59	60
61	62	63	64	65	66	67	68	69	70
71	72	73	74	75	76	77	78	79	80
81	82	83	84	85	86	87	88	89	90

1. 14 20 35 66 46 76 7 Muller que acadou o máis alto grado universitario.
2. 83 65 69 73 77 47 48 64 Sitio privado onde se ofrece aos visitantes os excedentes do viño familiar
3. 13 4 40 68 74 12 50 86 Cousa nova, innovación
4. 9 8 27 31 41 85 38 2 57 Feminino, que sinte agarimo.
5. 34 84 81 80 17 5 Non foi...
6. 60 29 30 26 70 61 19 54 ...levar, non opuxo resistencia.
7. 3 24 44 55 56 38 Lugar onde se representaban obras.
8. 58 75 45 10 67 23 32 Cousa que se ten reservada ou oculta
9. 72 15 28 11 36 42 49 53 51 Persoa á que se impón o pensamento da xustiza.
10. 21 1 62 Verbo ler: 3ª persoa do plural do presente de indicativo.

PISTA: 66 69 68 85 81 19 3 10 49 21 Que sucede ou se repite cada trimestre

